

Grupo de Medicina e Saúde Pública



O grupo de investigación de Medicina e Saúde Pública (MP1) da Facultade de Fisioterapia do campus de Pontevedra dedícase, desde hai tempo, á promoción da saúde, á educación para a saúde e á información sanitaria en diversos ámbitos, sobre todo con centros de ensino non universitario e con colectivos sociais.

Traballa na prevención de problemas de saúde da poboación (física, mental e social), nos compoñentes dela e nos aspectos das enfermidades máis frecuentes na nosa sociedade (dermatolóxicas, reumáticas, pulmonares, cardiovasculares, cancros...).

Indaga nos seus factores de risco tradicionais e tamén en factores socioeconómicos e culturais que lle afectan á saúde.

Así mesmo, traballa non só na solución de problemas de saúde, senón tamén na mellora da calidade de vida das persoas con enfermidades crónicas e no mantemento dunha boa saúde, utilizando medios ao noso alcance e nos que Galicia é rica, como as nosas augas mineromedicinais. Tamén investiga as enfermidades existentes no pasado e os tipos de tratamentos que se levaban a cabo nos hospitais medievais.




“

A saúde é o estado de benestar físico, mental e social que nos permite funcionar ben no día a día no medio en que vivimos e traballamos, desenvolvendo o propio potencial persoal, respondendo de xeito positivo aos problemas do ambiente, e sendo produtivos e construtivos na sociedade na que vivimos.

Organización Mundial da Saúde

”



Investigación e divulgación científica

Promoción da saúde

Educación para a saúde

Estilos de vida

Saúde ambiental

Historia da medicina

Investigadores/as

Lourdes Maceiras García
 Dionisio García Pomar
 M.^a Elena Padín Iruegas
 Carmen M.^a Cadarso Suárez
 Karen Joan Duncan Barlow
 José Ramón Estévez Pérez
 Antonio Gulín Martínez
 Jorge Lamas Bértolo
 Ludwing Macz Pop
 José Martinho Montero Santalha
 Marcial J. Méndez Álvarez
 Olga Poza Magdalena
 Ángel Segovia Largo
 Roberto Vila Rodríguez

lurdesmg@uvigo.gal



Grupo de Medicina e Saúde Pública

2019

Presentación, dentro da programación para 2020 da Universidade de Vigo «En galego! Investigación e divulgación científica», dun proxecto de colaboración cun IES de Pontevedra: «Proxecto Ciencia en Galego do grupo de investigación MP1 co IES Sánchez Cantón», aprobado polo Consello Escolar en novembro. Están a realizarse diversas actividades, entre elas varias charlas do 11F, Día da Muller e a Nena na Ciencia: «Mulleres de ciencia» e «Rosalind Franklin e o ADN».

Inauguración da exposición «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Vedra», en colaboración co concello, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde, e coa asistencia do conselleiro de Medio Rural e de diversos representantes dos concellos deste camiño e dos colectivos implicados na exposición.



Realización do Obradoiro de xabóns artesanais, dentro do proxecto Green Campus, co obxectivo de indagar sobre substancias que poden reducir a sintomatoloxía de certas enfermidades dermatolóxicas e alivias, ademais de producir efectos beneficiosos no ser humano. Impartiu a alumna Daniela Puga Alvarino na Facultade de Fisioterapia.

Participación en Ourense no III Congreso Internacional del Agua, na sesión «Valorización do turismo termocultural no Camiño Miñoto», co traballo «A auga mineromedicinal como eixe articulador do Camiño Miñoto».

2017

Inauguración da exposición «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Castelo de Miño», en colaboración co concello, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde. Asistiron diversos representantes dos concellos deste camiño e dos colectivos implicados na exposición.

Inauguración da exposición «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: A Arnoia», en colaboración co concello, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde.

Participación en Sevilla na XXXIV Reunión Científica de la Sociedad Española de Epidemiología e no XI Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiología: «Epidemiología para la salud en todas las políticas».

2015

Inauguración da exposición «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Pontedevea», en colaboración co concello, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde.

Asistencia ao Primeiro Encontro Mundial en Galicia de Asociacións de Amigos do Camiño, en Santiago de Compostela, que reuniu 157 organizacións dos cinco continentes.



Participación en Alacant na XXXII Reunión Científica de la Sociedad Española de Epidemiología e IX Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiología: «Primum non nocere (Primeiro non danar)».

Participación no Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago, elaborado pola Xunta de Galicia.

2013

Inauguración das exposicións: «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Cortegada de Baños», «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Leiro» e «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Padrenda», en colaboración cos respectivos concellos, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde, e con representacións oficiais da Xunta de Galicia, da Deputación de Ourense e da Cámara Municipal de Melgaço.

Inauguración da exposición «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Ribadavia», en colaboración co Museo Etnolóxico de Ribadavia, o colectivo Medicina e Arte en Galicia, a Asociación Galega de Educación para a Saúde, e coa asistencia de diversos representantes dos concellos deste camiño, da Deputación de Pontevedra e dos colectivos implicados na exposición.



Participación en Oviedo na XXXVII Reunión Científica de la Sociedad Española de Epidemiología, XIV Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiología e XVIII Congreso de la Sociedad Española de Salud Pública y Administración Sanitaria: «Epidemiología y prevención de precisión».

2018

Participación en Lisboa na XXXVI Reunión Científica de la Sociedad Española de Epidemiología e no XIII Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiología: «Epidemiología en un contexto global».

Creación do Grupo de Investigación sobre o Camiño Miñoto Ribeiro, coa participación de profesionais de distintos ámbitos da investigación: medicina, historia, arqueoloxía, arte, literatura medieval, ambiente, turismo e educación.



Participación en Barcelona no XVII Congreso de la Sociedad Española de Salud Pública y Administración Sanitaria, XXXV Reunión Científica de la Sociedad Española de Epidemiología, XII Congreso da Associação Portuguesa de Epidemiología e XXXVII Jornadas de Economía de la Salud: «Ciencia para la acción».

2016

Comezo do proxecto "Alimentación saudable tamén nas máquinas que expenden alimentos e bebidas".

Comezo do proxecto uniHcos (Universitarios e hábitos de vida, cohorte de seguimento) con temas de alimentación e nutrición, e exercicio físico.

Participación en Santiago de Compostela no II Congreso Iberoamericano de Epidemiología y Salud Pública «La epidemiología y la salud pública ante el reto de la cronicidad».



Inauguración das exposicións: «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Melgaço», «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Lobios» e «Queremos SaudArte desde o Camiño Miñoto Ribeiro: Entrimo», en colaboración cos respectivos concellos, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde, e con representacións oficiais da Xunta de Galicia, e da Deputación de Ourense.

Comezo do proxecto «Pegadas no Camiño Miñoto Ribeiro» en colaboración cos centros educativos dos concellos deste camiño, as ANPA, a Asociación Camiño Miñoto Ribeiro, o colectivo Medicina e Arte en Galicia e a Asociación Galega de Educación para a Saúde, co obxectivo de crear un arquivo de datos orais, escritos e gráficos.